

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xullo 2009

NOTA DE PRENSA

En xullo de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 4,3% e un 17,8% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 4,3% en xullo de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 17,8%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,1% e os dos importados un 12,6%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 2,3%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e bens intermedios diminuíron un 3,5% e un 7,1% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo incrementáronse un 39,8 con respecto a xullo de 2008. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 8,9% e un 24,5% respectivamente.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-4,3	-3,1	ÍNDICE XERAL	-17,8	-12,6
Bens de consumo	-3,5	-3,9	Bens de consumo	-8,9	-1,0
Bens de equipo	2,3	11,1	Bens de equipo	39,8	1,1
Bens intermedios	-7,1	-5,3	Bens intermedios	-24,5	-17,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 1,2% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a OCDE, UE25 e a UEM diminuíron un 5,1%, un 6,4% e un 7,2% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes da UEM diminuíron un 24,6%, os da UE-25 un 22,4%, os da OCDE un 19,6% e os procedentes do resto de países un 12%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-7,2	-4,9	UEM	-24,6	-11,4
UE-25	-6,4	-5,4	UE-25	-22,4	-12,2
OCDE	-5,1	-3,9	OCDE	-19,6	-13,2
Resto de países	1,2	2,5	Resto de países	-12,0	-11,1

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>